



ACUÑA, Ana. “Relacións entre distintos xéneros de literatura popular: o motivo da cepa torta”. *Culturas Populares. Revista Electrónica* 1 (enero-abril 2006), 15pp.

<http://www.culturaspopulares.org/textos%20I-1/articulos/Acuna.pdf>

ISSN: 1886-5623

---

## RELACIONES ENTRE DISTINTOS XÉNEROS DE LITERATURA POPULAR: O MOTIVO DA CEPA TORTA<sup>1</sup>

ANA ACUÑA

UNIVERSIDADE DE VIGO

### Resumo

Neste artigo pretendemos sinalar as relacións entre distintos xéneros de literatura popular, concretamente entre o conto, a cantiga, o refrán e o dito. A liña condutora que nos permitirá establecer esta relación será o motivo da “cepa torta”.

### Resumen

En este artículo pretendemos señalar las relaciones entre distintos géneros de literatura popular, concretamente entre el cuento, la canción, el refrán y el dicho. La línea conductora que nos permitirá establecer esta relación será el motivo de la “cepa torcida”.

### Abstract

In this paper we deal with the relationships between various genres of Galician popular literature, namely the folktale, song, proverb and saying. The motif of twisted (vineyard) stock is the guideline that will allow us to establish such relationship.

---

<sup>1</sup> Este artigo é unha versión modificada (e ampliada no referente aos contos) da comunicación presentada no “I Congreso Internacional Sociedades y Culturas: abriendo caminos” (organizado pola Sociedad Española de Estudios Literarios de Cultura Popular na Universidad de Sevilla en 2002) e quere ser un recoñecemento ao patrimonio inmaterial galego-portugués.

A autora beneficiouse dunha bolsa de estadia outorgada pola Universidade de Vigo para o Centro de Tradições Populares Portuguesas “Manuel Viegas Guerreiro” (Faculdade de Letras da Universidade Clássica de Lisboa, Portugal) durante o mes de xaneiro de 2003. O material consultado durante a estadia permitiulle establecer comparacións coa literatura portuguesa.

Ademais, a autora contou coa axuda inestimable de profesores e investigadores galegos e portugueses. O noso maior agradecemento a I. Cardigos, X. Ferro Ruibal, X. L. Garrosa (madrigalego) e C. Noia.

## INTRODUCCIÓN

L. Carré Alvarellos chamou a atención para a existencia dunha

variedade de contos populares (...) dos que é a súa característica a brevidade, podéndose dicir de eles que viran ó redor dun dito, dicaz, ás veces, ou chusqueiro, outras, cando non é que levan en sí unha sentenza filosófica; teñen amais cuase que sempre estes contos un certo saibo epigramático, non sendo raro e emprego de aqueles ditos na conversa cotián, sempre que ven ao caso, e eles son como un extraito do contido dos devanditos contos, a correr de voca en voca.<sup>2</sup>

Parécenos que as palabras de Carré se poderían aplicar á unidade fraseolóxica “a cepa torta”, pois nós atopámola viva dentro dun conto.

### 1. O CONTO

Posuímos unha única versión recollida na localidade de Marín (provincia de Pontevedra). Velái o conto<sup>3</sup>:

Era un xornaleiro que tiña un criado. Bueno, mandouno cavare, sería na viña. En cando cheghaba a noite:

-A onde cheghache, Pedro?

-A sepa torta, mi amo.

Cheghaba outro día, mandouno outra vez traballare. Cheghou de volta:

-A onde cheghache, Pedro?

-A sepa torta, mi amo.

Dúas veces. Ás tres volveulle disire. Foi pa traballare, ó traballo outra vez. Cheghou de volta:

-A onde cheghache, Pedro?

-A sepa torta, mi amo.

-Pero Pedro, sempre á sepa torta?

-Mire mi amo: pan barolento, sardiña do ballón, O traballa, Pedro non.

Pan barolento, sardiña do ballón e viño de vinaghre, O traballa, Pedro non.

#### 1.2. Clasificación

O conto que acabamos de reproducir segue o modelo 1560 de Aarne/Thompson<sup>4</sup>: “traballo finxido por salario finxido” ou “mal traballo por mal pago”.

En la mesa dice el campesino: -Vamos a fingir que estamos comiendo.

En el trabajo el sirviente: -Vamos a fingir que estamos trabajando.

---

<sup>2</sup> L. Carré Alvarellos: *Contos populares da Galiza*, Porto, Museu de etnografía e História, Junta Distrital de Porto, 1968, p. 7.

<sup>3</sup> Repárese nos trazos dialectais da zona: seseo (sepa, disía...) e gheada (cheghaba).

<sup>4</sup> A. Aarne e S. Thompson: *Los tipos del cuento folklórico. Una clasificación*, Helsinki, Academia Scientiarum Fennica, 1995, p. 263.

Se ben existen contos deste tipo 1560 na literatura galega<sup>5</sup>, o motivo da cepa torta non o atopamos recollido en ningunha recompilación. Existen, si, contos semellantes con xastres ou criados como protagonistas, pero ningún responde desta forma diante dun amo amarrado<sup>6</sup>.

Para que se compare co criado do noso conto e se repare na súa especificidade, achegaremos algúns relatos semellantes xa publicados e que reproducen o modelo AT 1560.

Nunha das antoloxías máis relevantes da literatura popular galega, *Contos populares da provincia de Lugo*<sup>7</sup>, aparece un conto no que un cavador se nega a traballar a causa da pouca mantenza que recibe:

#### PAPAS MOLES

Déronlle de almorzar a un cavador namais que papas mui raras. Cando chegou prá cavada, pousou o eixado, e dixo:

-Papas moles e sin pan, ¿deste corpo termarán? Non, don Xuan. Pois logo, corpo ao chan.

I, en vez de cavar, botouse a dormir toda a mañá.

No mesmo libro inclúese “A toxeira”, relato popular que exemplifica a situación inversa: o amo, perante a lacazanería do criado, é quen paga coa mesma moeda<sup>8</sup>. Así di a versión recollida polos alumnos do Real Seminario Santa Catalina de Mondoñedo<sup>9</sup>:

#### A TOXEIRA

Unha vez mandaron a un criado apañar ós toxos e pasouse toda a mañá dando voltas ó redor dunha toxeira sen saber por onde empezala, de modo que, cando ó mediodía, chegou o amo para ir xantar,

---

<sup>5</sup> V. Risco “Para recoller contos galegos” en *El Museo de Pontevedra*, t. XXIV, 1970, p.111

<sup>6</sup> Na literatura portuguesa publicouse o libro de A. Parafita, *Antologia de Contos Populares*, vol. 2, Lisboa, Plátano Editora, 2002, p. 204:

Lavrar sem Comer

Andavam certo día o patrão e um criado no campo a lavar. Quando chegou a hora da refeição, como não tinham que comer, sentaram-se para que os vizinhos, que já estavam no farnel, os vissem, e pensassem que eles também comiam.

Depois, quando regressaram ao trabalho, o criado pôs-se a andar sempre pelo mesmo rego, e não lavrava nada. Diz-lhe o patrão:

-Então tu não lavras?

E diz ele

-Iremos e vinhemos

e outros pensarão que nós lavremos!”

<sup>7</sup> *Contos populares da provincia de Lugo*, Vigo, Galaxia, 1979, p. 151

<sup>8</sup> Versión deste conto recollea un dos maiores recompiladores dos contos populares galegos, L. Carré Alvarellos, “Un amo e mail-o criado” (*Contos populares da Galiza*, Porto, Museu de Etnografía e História, Junta Distrital de Porto, 1968, pp. 157-158).

<sup>9</sup> *A carón do lume. Cantigas, Contos, Lendas, Oracións, Refrâns, Romances, Trabalinguas, Xogos... Recolla de literatura popular dos Alumnos do Real Seminario Santa Catalina de Mondoñedo*, Lugo, Citania Publicacións, 1999, pp. 61-62

aínda non cortara un toxo. Botoulle o amo unha boa reprimenda, pero o criado disculpouse dicíndolle que non parara en toda a mañá, pero que non soubera por onde empeza-la toxeira.

Fóronse para a casa e puxéronse a xantar. O amo agarrando un pan enteiro púxose a darlle voltas e máis voltas. Extrañouse o criado ó ver ó amo dándolle ó pan tantas voltas e preguntoulle por que lle daba tantas voltas ó pan.

-Pois -respondeu o amo- porque non sei por ónde empezalo.

-¡Ande, señor, ande! -dixo o criado- ¡Empéceo por calquera lado!

-Por calquera lado tamén se podía empeza-la toxeira!

E pousando o pan na mesa, deixouno sen encetar.

Tamén os xastres sofren o egoísmo dos seus clientes. Antano os xastres comían nas casas nas que traballaban, pero non sempre a comida recibida era consonte o seu traballo.

L. Carré recolle entre os seus *Contos populares de Galiza*, “O xastre e as papas”.

Neste caso o xastre traballará segundo a calidade da comida<sup>10</sup>:

#### O XASTRE E AS PAPAS

O xastre tiña unha fame que alampaba, a vella da casa que era unha miserenta, dáballe unha cunquiña de papas tan rariñas que levaban mais auga que fariña; o xastre nin sabía primeiro como facer, mas, logo argallou unha maraña, e cando comenzou de novo o seu traballo, púxose a coser moi de lixeiro con pontadas longas e prendendo pouco, a vella reparou en como facía, e dislle:

-E logo, hom, cómo é que coses tan de lixeiro; así non vai ben e como é o mandado.

-Siñora, -dixo daquela o xastre,- eu cósolle sempre asegún como, e como as súas papas cocen lixeiras que mesmamente parecen o repinico de unha muiñeira, lixeiro coso eu, mas, tamén seille coser mais amodo, como se lle estila na miña terra onde as papas non cocen tan apresada, e son mestas, como broa, con bó leite de por riba.

-E daquela cómo lles fan, hom, pra que cózan amodo?

-Bótanlle boas presas de fariña.

A vella de tal oír fixo unha papas ben mestas, botoulles leite, e o xastre comeu a fartar, estonces coseu ben de modo como é o mandado.

Nos contos de xastres publicados pola revista *Nós*<sup>11</sup> un xastre traballa segundo a cantidade da mantenza, neste caso ovos<sup>12</sup>. Conto recollido, ademais, polo Seminario de

---

<sup>10</sup> L. Carré: *Contos...*, 1968, p. 234. Semellante a este é, do mesmo libro, “Véxote” no que o xastre ten un axudante. Con todo, “Trecho dun conto” presenta os intentos duns amos de defenderse dun criado lambeteiro.

<sup>11</sup> X. Rodríguez: “Respostas a un cuestionario. Folk-Lore da aldea de Caneda, concello de Monforte de Lemos” en *Nós*, nº 73, 1930, pp. 12-15. Na mesma revista (1926, p. 11) un xastre castiga uns amos avaros, o mesmo que no conto “El sastre”, recollido por J. A. Saco y Arce (*Literatura popular de Galicia*, Ourense, Deputación de Ourense, 1987, pp. 279-282)

Estudos Galegos<sup>13</sup> e polos alumnos do Real Seminario de Santa Catalina de Mondoñedo co título “O xastre e os ovos”<sup>14</sup>:

Unha vez era un xastre deses que ían coser polas casas. Cando chegou a hora de xantar, o primeiro día, a ama<sup>15</sup> da casa díxolle ó fillo:

-Lévalle este ovo ó xastre e despois agarda a ver que di.

O neno fixo o que lle mandou a súa nai e, unha vez que lle deu a comida ó xastre, agachouse trala porta. O xastre unha vez que comeu empezou a coser moi amodiño e a dicir:

-Un ovo é un ovo, cose agulla e vaite a modo.

O neno baixou xunto da nai e contoulle todo. Ó día seguinte a muller mandoulle dous ovos e díxolle que escoitase o que dicía o xastre. Unha vez que comeu empezou a coser de novo, pero apurando, ó mesmo tempo que dicía:

-Dous ovos, dous ovos son, corre agulla e dálle son.

O neno baixou as escaleiras de tres en tres e contoulle todo á súa nai. Ó día seguinte mandoulle tres ovos. O xastre, unha vez que os papou, púxose a coser apurando coma unha máquina e dicindo:

-Tres ovos, tres ovos son, corre agulla coma mil demonios.

O rapaz voltou axiña contarlle á nai o que dixera o xastre. Esta díxolle:

-Quere dicir que queda satisfeito.

Cómpre indicar que o conto anterior xa pertencería ao tipo AT 1567<sup>16</sup> “a boa comida cambia a canción” e do que atopamos mostras na literatura portuguesa. Transcribimos tres narracións procedentes de J. Leite de Vasconcellos, A. Coelho e D. Ribeiro. Di o primeiro<sup>17</sup> (repárese na cantiga rimada tan próxima á recollida por nós):

“Uma facécia: Havia um preto a quem o senhor dava pão com bolor, vinho azedo e sardinha salgada. Mandava-o trabalhar para uma vinha onde havia um pessegueiro, a cuja sombra o preto se deitava, dizendo:

---

<sup>12</sup> Na tradición oral madrileña un xastre recibirá “dous huevos, chorizo y longaniza” (J. M. Fraile Gil: *Cuentos de la tradición oral madrileña*, Madrid, Comunidad de Madrid, 1992, p. 260)

<sup>13</sup> V. Fernández Hermida, F. Lopez Cuevillas e X. Lorenzo Fernández: *Parroquia de Velle*, Santiago, Seminario de Estudos Galegos, 1936, p. 254

<sup>14</sup> *A carón do lume...* 1999, pp. 81-82

<sup>15</sup> Pero a miseria pode provir do mesmo xastre cara ó seu aprendiz. Así se le no conto “O xastre e o aprendiz” do libro anterior (*A carón do lume...*, 1999, p. 65)

<sup>16</sup> Para Uther pertencería ao tipo 1567 G (H. Uther: *The Types of International Folktales. A Classification and Bibliography, T. II Tales of the Stupid Ogre, Anecdotes and Jokes and Formula Tales*, Helsinki, Suomalainen Tiedeakatemia/Academia Scientiarum Fennica, 2004)

<sup>17</sup> J. Leite de Vasconcellos: *Etnografía portuguesa, Vol X Livro III –Vida tradicional portuguesa*, Lisboa, Imprensa Nacional Casa da Moeda, 1988, p. 347

Pão bolorento,

Vinho vinagrento,

Sardinha salgada...

Trabalha tu, enxada!

O dono perguntava-lhe o que é que tinha feito, e ele respondia:

Ao pé do pessegueiro chegar

E daí não passar.

O patrão, tendo ouvido esta resposta várias vezes, foi verificar o que ele fazia e ouviu a quadra referida.

Mandou, então, que o alimentassem convenientemente, e o preto, ao chegar ao serviço, começou a trabalhar, dizendo:

Bom comer

E bom beber

Bom serviço fazer.”

Os portugueses A. Coelho e D. Ribeiro<sup>18</sup> compilam contos pertencentes ao tipo 1567 pero que manteñen a resposta “a cepa torta”. Así o recollido no libro de A. Coelho:

Quem não trabuca não manduca; quem não manduca não trabuca<sup>19</sup>

Um ricoço tinha um criado preto, a quem tratava muito mal, dando-lhe a comer pão de rolao, e a beber vinho vinagrão. À noite, quando vinha para casa, perguntava-lhe o amo:

-Aonde vais, preto?

-Ao pé da cepa torta, meu amo.

Nos dias seguintes sempre a mesma resposta; até que o amo foi espreitar o preto, e ouviu-lhe dizer:

-O meu amo dá-me só pão de rolão e vinho vinagrão, deita-te para aí, enxadão.

E deitava-se a dormir ao pé do enxadão.

À noite perguntou-lhe o amo:

-Onde vais, preto?

-Ao pé da cepa torta, meu amo.

O amo calou-se muito calado e no dia seguinte deu boa comida ao preto; e foi espreitar o que ele fazia.

O preto começou a trabalhar e disse:

-O meu amo já dá bom vinho e bom pão; trabalha, enxadão.

E trabalhou tanto, tanto, que o amo estava encantado com ele; e continuou a dar-lhe bom vinho e bom pão.

E o publicado no libro de D. Ribeiro titulado “Até à Cepa Torta”<sup>20</sup>:

---

<sup>18</sup>Agradecemos á profesora I. Cardigos esta información.

<sup>19</sup>A. Coelho: *Contos nacionais para Crianças*, ed. de João Leal, Lisboa, Dom Quixote, nº 12

Pegou na enxada, o preto; e, em obediência a ordens recebidas, foi cavar para o choiso.

À noite pergunta-lhe [sic] o amo:

-Então, preto, aonde chegaste?

-À cepa torta, mê sior.

Aquela pergunta, repetida nos dias seguintes, provocava sempre a mesma resposta.

Admirado do que o seu criado não passasse nunca da cepa torta, o amo um dia encaminha-se ao choiso, mete-se aí num esconderijo e põe-se à espreita. Dispunha-se o preto a mandar ao bucho, nessa ocasião, a provisão que levava. Desatando, pois, o farnel, passa revista ao conteúdo.

-Cabaça de água,

Pão de cevada...

Cava, enxada!

E agarrando nesta, zás! aí vai ela aos tombos pelo choiso além.

À noite, em casa, a inquirição do estilo.

-Então, preto, aonde chegaste?

-À cepa torta, mê sior.

O amo calou-se, -lá daria porém as suas ordens; e no dia imediato, à costumada hora da refeição, ei-lo miradoiro da véspera.

-Pão de trigo,

Cabaça de vinho...

Cava, negrinho!

Daí a uns dias, o choiso estava todo esmeradamente agricultado.”

## 1.2. Palabras eixe do conto AT 1560 recollido en Marín:

Como acontece co conto tradicional castelán<sup>21</sup> e co portugués<sup>22</sup> a

frase proverbial va a funcionar como contraseña que asegura la constante presencia del cuento en la conversación cotidiana. (...) Son chascarrillos conocidos de todos que entraron naturalmente en las conversaciones cotidianas de los españoles de los siglos XVI y XVII.

Así, a contestación do criado, “a cepa torta”, deu lugar a outras formas de literatura popular. Esta resposta lévanos ó terreo do metafórico, do refrán, como veremos no seguinte apartado, por iso imos rastrexar as pegadas destas palabras por outros xéneros de literatura popular.

---

<sup>20</sup> J. Diogo Ribeiro: *Turquel Folclórico*, Parte IV-Lendas/Parte V Contos. Espozende, Livraria Espozende, 1934, pp. 46-47, nº 14

<sup>21</sup> M. Chevalier: *Folklore y Literatura: El cuento oral en el Siglo de Oro*, Barcelona, Crítica, 1978, pp. 50-51

<sup>22</sup> A. Coelho (*Contos populares portugueses*, Lisboa, Publicações Dom Quixote, 1985, p. 60) indica o falar das “facécias” que serven de explicación popular ós prolóquios.

Pero tamén a paremia final rimada viste o conto de tesouros da fala antigos (moitas das palabras son hoxe pouco usadas) e atópase noutras formas de literatura:

-*pan barolento* (ou “pan balorento”, é aquel cheo de mofo e en mal estado) aparece na cantiga<sup>23</sup>:

Heiche de dar viño tinto / sopas de pan valorento  
moza que falas comigo / mira que pérdelo tempo.

-*sardiña do ballón* para os nosos informantes era unha sardiña lañada que se puña amarela coma os arenques. Pero, ademais, a cor amarela viña acompañada de mal sabor se atendemos aos refráns recollidos por Llopiz<sup>24</sup>:

Sardiña que colle ballón, por moito que a laven, non volve ao seu sabor

Sardiña có ballón inda que a laven non perde o mal sabor

-*O traballa, Pedro non*: o tal “O” é un ninguén e así aparece no refrán “O reina, pero non goberna”<sup>25</sup>.

## 2. O MOTIVO “A CEPA TORTA” NA LITERATURA POPULAR

O motivo “a cepa torta” atópase no conto do criado/amo, pero tamén podemos atopalo en ditos, refráns e cantigas.

V. Mokienko describe, a propósito da fraseoloxía eslava:

a existencia de dous procesos contrarios: a comprensión da fábula en proverbios, do proverbio en locución e da locución en palabra (fenómeno que el denomina implícitación) e o proceso inverso da dilatación da palabra en locución, da locución en proverbio e deste en fábula (que denomina explícitación)<sup>26</sup>.

---

<sup>23</sup> *Cantigas do viño*, Vigo, Castrelos, 1968, p. 11

<sup>24</sup> Agradecemos ao Museo de Pontevedra a posibilidade de consultar a caixa correspondente a “Refraneiro Gallego Llopiz” (os refráns reproducidos inclúense na entrada “pesca”).

<sup>25</sup> M. Cajaraville: *Debullando folklore*, A Coruña, La Voz de Galicia, 1983, p. 93. Existe un refrán semellante, con outro protagonista, en lingua castelá “El rey reina pero no gobierna” (G. Doval: *Refranero temático español*, Madrid, Ed. del Prado, 1997, p. 324)

<sup>26</sup> V. Mokienko: *Fraseoloxía eslava*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2000, p. 15



É dicir, se unha fábula se condensa e comprime (implicitación) nace a unidade fraseolóxica, pero se a unidade fraseolóxica se desenvolve (explicitación), a palabra chega a ser fraseoloxismo, pode chegar a frase e mesmo pode disolverse no contexto perdéndose a súa motivación. De feito, parte dos problemas de motivación na fraseoloxía proceden das elisións sucesivas das que xa nos é moi difícil recuperar os elos perdidos.

Daquela, segundo a conversión do contexto maior ó menor (ou da fábula en proverbios como dirían os estudosos eslavos) temos que: 1) a primeira parte da fábula queda inalterada, a restante “retense no pensamento” e 2) todo o contido da fábula convértese en proverbio. Isto último puido ocorrer co motivo da cepa torta, é dicir, que o dito “a cepa torta” asumise o significado de todo o conto.

### 2.1. O dito da cepa torta.

Xa sinalamos que o conto AT 1560 coa resposta “a cepa torta” tiña unha reducidísima extensión entre os habitantes do concello de Marín (só llo puidemos escoitar a unha persoa). Pois igual de minúscula extensión nese concello ten o dito “cheghar á sepa torta”. Explicábannos que cando, durante un traballo, alguén preguntaba “ata onde imos?” respondían coma o criado do noso conto “ímoslle dando ata a chegar á sepa torta”, é dicir, “ata deixar, plantar, abandonar” o traballo. Resposta que é como non dicir nada.

Segundo consta no arquivo de fraseoloxía existente no Centro de Investigacións Ramón Piñeiro<sup>27</sup>, na provincia de Pontevedra recolleuse o dito “non saír da cepa torta” ou “non pasar da cepa torta” co significado de non progresar, estar estancado<sup>28</sup>.

Tamén existe en portugués, con total implantación na conversa cotiá e a nos dicionarios de expresións e frases feitas. Así “cepa torta” sería unha “situação continuada, sem progressos”<sup>29</sup> e “não passar / sair da cepa torta (pop.)” como “não conseguir livrar-se de uma situação precária, difícil; não progredir”<sup>30</sup>.

---

<sup>27</sup> Agradecemos esta información (e outras indicacións) ao profesor X. Ferro Ruibal.

<sup>28</sup> Grazas a unha indicación do profesor J. L. Garrosa Gude e de E. Bédmar, puidemos saber que en Tenerife coñecen o dito “no salir de la cepa torcida”.

<sup>29</sup> O. Neves: *Dicionário de frases feitas*, Porto, Lello & Irmão, 1991, pp. 81 y *Dicionário de Expressões correntes*, Lisboa, Ed. Notícias, 1999, pp. 87

<sup>30</sup> A. Nogueira Santos: *Novos Dicionários de expressões idiomáticas*, Lisboa, Ed. João Sá da Costa, 1990, p. 101

Dado que o dito e o conto co motivo da cepa torta foron recollidos a distintos informantes do concello de Marín, non podemos asegura-la filiación, pero deducimos do seu significado que se porteñen e que entre eles puido haber un proceso de implicitación.

Quizais o feito de atoparse o dito e o conto na provincia galega máis próxima a Portugal nos poida suxerir un mesmo lugar emisor ou unha tradición semellante. Porén, non atopamos “a cepa torta” como resposta en ningún conto popular luso do tipo 1560, aínda que se recollan relatos semellantes sobre criados<sup>31</sup>.

## 2.2. O refrán da cepa torta

O motivo da cepa torta atópase tamén no refraneiro galego. O seu significado é curioso (simbólico e literal, pensamos) e atópase nunha cadea semellante á doutros refráns que nomean tipos de viño, por exemplo de cepas vellas<sup>32</sup>. No caso do viño da cepa torta, este ten efectos estraños. Vexámolo e repárese na proximidade entre estes refráns e as cantigas que se achegarán no apartado seguinte:

Viño da cepa torta, inda ben non te bebo, non vexo a porta.<sup>33</sup>

O viño é fillo da cepa torta / a unhos déitaos  
i a outros non lles deixa atopar a porta.<sup>34</sup>

Aínda que estes exemplos non parecen ter o mesmo sentido có dito “a cepa torta”, hai casos de contos que puideron dar lugar a un refrán. Trátase daqueles relatos cuxos protagonistas son os xastres ou a raposa (lémbrense as narracións reproducidas na primeira parte do noso estudo).

Referentes a xastres:

---

<sup>31</sup> Como xa subliñamos, grazas ás indicacións da profesora I. Cardigos, sabemos que Adolfo Coelho e J. Diogo Ribeiro localizaron contos relativos á cepa torta pero do tipo 1567.

<sup>32</sup> E. Gippini Escoda (*Refraneiro Galego (Escolma)*, Sada, Edición do Castro, 1991, p. 55) e I. Rielo Carballo (*Cancións galegas*, Lugo, Diputación de Lugo, 1989, p. 137) recollen “O viño das cepas vellas / quenta as orellas”

Semellante a este refrán ou a cantiga é o dito castelán (<http://www.buscadichos.com/dichos.php>. Última consulta 27/10/2005) “El viño de cepas viejas calienta hasta las orejas”.

<sup>33</sup> X. Taboada Chivite: *Refraneiro galego*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2000, p. 161

<sup>34</sup> Referencia proporcionada por X. Ferro Ruibal do *Refraneiro inédito de Lugo*.

Na casa do rico que fai mal vida, puntada longa i acabar axiña. Na casa do probe que dá do que ten, puntada curta y asentar ben.<sup>35</sup>

Na casa do rico que fai mala vida, puntada longa e acabar axiña; nan casa do probe que dá do que tén, puntada corta e apretala ben.<sup>36</sup>

¿Papás a un home de oficio? /di o xastre: / pape o demo a quen as fixo.<sup>37</sup>

¡Papás sin leite!... deixa que me deite.<sup>38</sup>

### Referentes á raposa:

Pitos serán pero óleme a can.<sup>39</sup>

Miñas zancas, / neste mundo / todas son trampas.<sup>40</sup>

Andade, chancas, que neste mundo todo é trampas.<sup>41</sup>

### Estes refráns xuntos aparecen nun dos contos do Valadouro<sup>42</sup>

O raposo achegouse á dona das galiñas, e reparando na que estaba máis mantida, díxolle:

-Hoxe lévoche esta.

-Ai, home, esta non ma leves, que lle teño moito aquel -dixo a muller-; volve a mañá, que che hei deixar outras ben mellores.

E ao outro día volveu o raposo e viu que a muller lle deixara un cesto emborcado. Así que se puxo a dar voltas arredor do cesto, uliscando como fan os da súa raza, antes de atreverse coa comida.

-Óleme a can, galiñas serán -rosmaba.

Mais con todo puido a fame que levaba, e levantou o cesto.

E saíronlle dous cans, que todo era ladrar e babexar.

E mentres corría diante deles, o raposo ía dicindo:

---

<sup>35</sup> X. Taboada Chivite: *Refraneiro*, 2000, p. 102

<sup>36</sup> F. Zamora Mosquera: *Refráns e ditos populares galegos*, Vigo, Galaxia, 1972, p. 144

<sup>37</sup> A. Cotarelo Valledor: *Cancioneiro da agulla*, Vigo, Galaxia, 1984, p. 139

<sup>38</sup> F. Zamora Mosquera: *Refráns...*, 1972, p. 193

<sup>39</sup> E. Gippini Escoda (*Refraneiro...*, 1991, p. 113). G. Correas documenta “Alzar, zancas, que este mundo todo es trampas; o andar, zancas”. (*Vocabulario...*, 1992, pp. 39-40, 66).

<sup>40</sup> I. Rielo Carballo: *Cancións galegas*, Lugo, Diputación de Lugo, 1989, p. 191

<sup>41</sup> X. Ferro: *Refraneiro galego básico*, Vigo, Galaxia, 1987, p. 229

<sup>42</sup> X. Pisón, M. Lourenzo e I. Ferreira: *Contos do Valadouro*, Vigo, A Nosa Terra, 1999, pp. 46-47

-¡Arriba pernas, / arriba zancas,  
que neste mundo / todas son trampas!

### 2.3. A cantiga da cepa torta

D. Blanco<sup>43</sup> indicaba como:

No remate dun bo número de contos populares en galego atópase un refrán que alude ao que se vén de narrar ou resume o seu significado. Non é menos frecuente a inserción destas fórmulas sentenciosas como parte da letra dunha cantiga e, así, rexístrase nos cancioneros populares de Galicia en moitas ocasións.

Velaí algunhas cantigas relacionadas coa “cepa torta”:

É o viño cousa santa / que se da n-a cepa tôrta,  
a uns priv-os d’o sentido / y outros fociñan n-a porta.<sup>44</sup>

O viño, é cousa santa / que naceu n-a cepa tôrta;  
á unsos prívall’o sentido, / outros non cêrtan co-a porta.<sup>45</sup>

O que dá a cepa torta, / o que dá a cepa torta;  
a uns faille doer a cabeza / e a outros dar a volta.<sup>46</sup>

Este viño cristalino, / Que naceu n-a cepa torta,  
O día que non-o bebo, / Non podo atinal-a porta.<sup>47</sup>

O viño é cousa santa / que se dá en cepa torta,  
que uns rompen a cabeza / e outros non certan coa porta.<sup>48</sup>

---

<sup>43</sup> D. Blanco: “Do refrán á cantiga” en *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor X. Alonso Montero*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, t. II, 2000, p. 220

<sup>44</sup> J. Pérez Ballesteros: *Cancionero popular gallego*, Madrid, Akal editor, 1979, p. 171

<sup>45</sup> J. Casal y Lois: *Colección de Cantares gallegos*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 2000, p. 78

<sup>46</sup> A. Fraguas: *Aportacións ó Cancioneiro de Cotobade*, Ourense, Fundación Otero Pedrayo, 1985, p. 88

<sup>47</sup> J. A. Saco y Arce: *Literatura popular de Galicia...*, 1987, p. 20

<sup>48</sup> X. C. Morgade: *A Lama. Libro de cantigas*, A Lama, Concello de A Lama, 1996, p. 177

Como ocurría co refrán da cepa torta, a cantiga con este motivo parécenos moi significativa, pois relaciónase o viño da cepa torta cos peores efectos dese líquido (caídas, mareos, enaxenación, dor de cabeza...). Coincide, unha vez máis coa literatura de tradición oral portuguesa:

O vinho é cousa santa, / criado na cepa torta:

a uns faz quebrar a cabeça / a outros errar a porta.<sup>49</sup>

Os “bens e males do viño”<sup>50</sup> aprécianse mellor neste amplo “recitado do viño”<sup>51</sup>:

Este viño cristalino, / nacido entre verdes matas,  
aos homes máis valentes, / ti falos andar a gatas,  
tu réndesme, tu mátasme, tu dásmo pracer,  
vale máis un bico teu, / que un dunha muller. (Bébeso un trago bon)  
¿Donde é vosté? / de “majar”, / do meu propio lugar  
¿E a súa nai como se chama? / María, / tamén a miña,  
¿E o seu irmao? / Miguel, / como eu tamén.  
¿E porque non nos coecemos? / porque non bebemos,  
posi bebemos para que nos coezamos. (Volve beberse outro trago)  
Tu eres o viño da cepa torta, / tu me sanas e tu me curas,  
tu me fas facer figuras, / tu me fas falar inglés / castellano e portugués  
Hola ti, quita pesares, / alivio dos meus congoxas,  
criado entre as follas, / esmagado nesos lagares  
Tu que naces nas verdes matas, / que aos homes mas valentes  
fas andar de gatas. / Ao que non lle guste o viño,  
aínda dudo que sea bon veciño, / i o que detrás de min beba, / nada lle queda.

Se ben o nexo conto-cantiga sobre o motivo “a cepa torta” está esvaecido, cómpre indicar que hai outras mostras nas que a relación conto-cantiga é máis evidente. Así volve acontecer nas cantigas de xastres seguintes<sup>52</sup>:

---

<sup>49</sup> J. Leite de Vasconcellos: *Etnografía portuguesa, Vol VI*, 1975, pp. 386

<sup>50</sup> *Cantigas do viño*, 1968, p. 25. Compárese coa lírica hispánica (M. Frenk: *Corpus de la antigua lírica popular hispánica (sglos XV a XVII)*, Madrid, Castalia, 1987, p. 759):

Que si bevo vino / bévolo con rrazón  
que a la parra tuerta / póngola un rrodrigón.

<sup>51</sup> H. Sánchez Rodríguez: “A cultura do viño nas terras do Saviñao relatada en textos orais” en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, t. XXVI, 1986, p. 287

<sup>52</sup> Outra mostra ofrécenola F. Bouza-Brey (“Analogías gallego-portuguesas en el cancionero popular” en *Etnografía y folklore de Galicia (2)*, Vigo, Xerais, 1982, pp. 265-266). Neste caso os protagonistas non son xastres.

Cando van a algunha casa / se non lle fan boa vida,  
botan puntada de cego / para acabar de seguida.<sup>53</sup>

Ovos ou magras, xastriño, / qué merenda quer millor?  
-Pois logo, miña señora, / torteliña de xamón.<sup>54</sup>

A. Cotarelo Valledor<sup>55</sup> recolle unha cantiga que comenta como versificación dun conto de xastres ben coñecido:

-Magras ou ovos, xastriño / ¿que merenda quer mellor?  
-Deme logo, miña dona, / tortilliña de xamón.

Aínda cabería sinalar máis exemplos sobre as relacións entre distintos xéneros de literatura popular, como é o caso dos ensalmos e esconxuros<sup>56</sup>. Reproducimos, para recapitular, outro motivo que se atopa nun conto, nun refrán e nunha cantiga. Referímonos ó motivo da preguiza (motivo que tamén aparece nos contos portugueses<sup>57</sup> e entre os refráns e proverbios de G. Correas<sup>58</sup>):

Refrán:

Perguiza ¿queres o caldo? -Quero  
-Vai pol-a cunca -¡Ay! Non o quero.<sup>59</sup>

---

<sup>53</sup> X. Lorenzo Fernández (*Cantigueiro popular da Limia Baixa*, Vigo, Galaxia, 1973, p. 127) explica en nota a relación con Calderón e a lembranza dun dito:

-Qué queres, torrezno ou ovos? / -Todo revoltó, señora, todo revoltó.

<sup>54</sup> A. Fraguas: *Aportacións...*, 1985, p. 39

<sup>55</sup> A. Cotarelo Valledor: *Cancioneiro...*, 1984, p. 86

<sup>56</sup> Sobre a relación entre o conto e o ensalmo pode lerse o noso artigo “O concepto e imaxe da poesía máxico-ritual dentro e fóra de Galicia” en *Actas do V Congreso Internacional de Estudos Galegos*, Sada, Ed. do Castro, 1999, pp. 1085-1111. Para comprobar a relación entre o refrán, o folclore infantil e o esconxuro remitimos ao artigo de V. L. Llopiz Esperante “La abeja en la paremiología” en *Boletín da Real Academia Galega*, T. XXVI, 1955, pp. 107-130

<sup>57</sup> J. Leite de Vasconcellos: “O preguiçoso” (*Contos populares e lendas*, I e II, Coimbra, Universidad de Coimbra, 1963, p. 89)

<sup>58</sup> Pereza, pereza, / por la tu santa nobleza / que me dejes levantar.  
-No quiero, no quiero / vuélvete a echar. (G. Correas (*Vocabulario...*, 1992, p. 391)

<sup>59</sup> A. Parga Sanjurjo: “Refranes gallegos” en *Boletín de la Real Academia Gallega*, 1911, nº 46, pp. 254-255.

### Cantiga:

-Perguiciña, queres pan? / -Quero, quero, se mo dan.  
-Pois vai buscalo coitelo. / -Asi, non señor, nono quero.<sup>60</sup>

### Conto:

Ela era unha picariña sempre avacoada, que se non movía por cousa; sua nai sempre a berrar con ela, e ela vaiche boa...

Unha noite, dormexaba no escano acarón da lareira, e a nai prâ espilir decíalle:

-Abre os olliños, Preguiza!, -remusgando ela sen lle facer caso:

-Miña nai, non póodo!

-Abre os olliños, Preguiza!

-Miña nai, non póoodo!

Mas, como a vella tiña moita sabencia, engadiu:

-Toma unha cunca de grelos, -e daquela a rapaciña acordou atallando:

-A velos?

E disque que a nai a tal ver, sacoulle unha cunca de caldo, e poñéndolla nas más demandou:

-Perguiciña, queres pan?

-Si señora, si mo dan, -dixo a nena.

-Pois vai pillal-o coitelo.

-Aaaa!, señora, daquela non llo quero, -e a nai tamén para a insinar non lle deu o pan e fíxo a pasar sen ele.<sup>61</sup>

Estes exemplos mostran a necesidade do estudo global dos distintos xéneros da literatura popular de transmisión oral

certo, que de obrar así, o labor faise máis traballoso, mas o coñecemento conquerido é máis compreto e perfeito; por outra parte, cómpre o non esquecer que así como as diferentes manifestazóns das produciós de poesía compreméntanse para seguirla evoluzón das formas poéticas máis estimadas nun país<sup>62</sup>.

---

<sup>60</sup> X. Lorenzo: *Cantigueiro...*, 1973, p. 132

<sup>61</sup> L. Carré Alvarellos (*Contos populares...*, 1968, pp. 179-180), X. Pisón e outros (*Contos do Valadouro...*, 1999, p. 24).

<sup>62</sup> L. Carré: *Contos populares...*, 1968, p.92